

[o galego é unha aguia que
imita aos morcegos]

á avoa –paxaro con aguias
entre morcegos.

Poi entón cando entrou
o doutor Albeiros
guindou
os lentes
e púxose a mexar
caralla
cara a xente.
Sabiache el ben que só coa liberación da
vexiga
podíase erguer
o voo.
Dén n'hi do!
deu un chimpó faústico - gótico ascensional
e fíxose
a noite
na terra.Só grupos electrónxense aquel trapo branco que perde-
raa bandaazul de tantoabaneala.Pssssssssssssss-
ssssssssssssssssssssssssssssssssss
ssssssssssssssssssssssssssssssssss.....
Moxa meu neno mexa
¡Mexas heiche de mexar eu a ti!
¿Acaso pensas que son Alzheimer?

Non, Albeiros, coñézote ben,
morcego
do
carallo
negro
e
CRISTAL
na
voz.

(Non falo de vidros na boca de lorca).

Ficou morto (como dicía o do Caurel)
cunha soa obsesión
atopar
o gríal entre as mans da virxe daqueles
montes
erqueitos.

Agora ante aquelas pernas
abertas
xa só lle quedaba descansar en paz.

¡Fíxate no río fíxate!
¡a ver se podes!.

aFONSO bECERRA DE bECERRE**a**

Barcelona, 23 de xaneiro de 2002.